


Guía de lectura



BIBLIOTECAS
municipais

As mellores sagas

Clásicas

Magos, elfos, ananos, aventuras en mundos poboados por criaturas fantásticas, heroes e deuses do Olimpo, familias enfrontadas polo trono, a loita pola supervivencia convertida en espectáculo televisivo, cazadores de sombras, visións dun futuro pouco tranquilizador, misterios na antiga Roma, historias de amor imposible...

Todo isto podes encontralo, para gozar sen présas, tomo tras tomo, nas mellores sagas que a Biblioteca Ágora selecciona para ti



Biblioteca Ágora
As mellores sagas



Tres grandes clásicos da literatura que seguen entusiasmando ano tras ano

Autor : J.J.Tolkien

Título : *O señor dos aneis*

*Viaxa á Terra Media con elfos, hobbits, ananos e outros humanos e axúdalles a destruír o Anel forxado por Sauron!! O Señor dos Aneis é a continuación de *O Hobbit*, no que coñecemos como o Anel chega a mans do Bilbo Bolsón. E este á súa vez continúa ao *Silmarillion*, que fala da creación da Terra Media... Os libros foron levados ó cine por Peter Jackson, tamén director da adaptación de *O Hobbit*.*

Autora : Úrsula Le Guin

Título : *Leyendas de Terramar*

*No arquipélago de Terramar hai dragones, magos, espectros, talismáns e poderes. As súas xentes, sinxelas e tranquilas, teñen como único obxectivo conseguir a paz e a sabedoría. A obra, escrita ao longo de máis de trinta anos, componse de: *Un mago de Terramar*, *Las tumbas de Atuán*, y *La costa más lejana*, *Tehanu*, *En el otro viento*,*

Autor : C.S.Lewis

Título : *Las crónicas de Narnia*

Os irmáns Pevensie refúxianse durante a II Guerra Mundial na mansión dun vello profesor. Alí descubren Narnia, terra máxica poboada por seres mitolóxicos, animais parlantes e bruxas malvadas... e fanse grandes amigos do león Aslam.

*Recoméndase a seguinte orde de lectura: *El sobrino del mago*; *El león, la bruja y el armario* ; *El caballo y el muchacho*; *El príncipe Caspian* ; *La travesía del viajero del Alba* ; *La silla de plata* ; *La última batalla**



Magos, fadas, elfos... poboan as páxinas destas novelas en loita permanente contra as forzas escuras

Autor : J. K. Rowling

Título : Harry Potter

Es fan de Harry Potter? ou prefires a Ron? Non serás admirador do Innombrable!!! Se é así a loita está garantida!!! E non o dubides: Venceremos!!! Os libros da saga son: [Harry Potter y la piedra filosofal](#) [Harry Potter y la cámara secreta](#), [Harry Potter y el prisionero de Azcabán](#), [Harry Potter y el cáliz de fuego](#), [Harry Potter y la Orden del Fénix](#), [Harry Potter y el misterio del príncipe](#), [Harry Potter y las reliquias de la muerte](#). En [Pottermore](#) poderás gozar dunha emocionante experiencia online. E se tes a sorte de viaxar a Londres, achégache aos [estudios nos que se rodaron as películas](#). Sorprenderanche!!!

Autor : Rick Riordan

Título : Percy Jackson y los dioses del Olimpo

Se gostas da mitoloxía clásica e soñas cos deuses, heroes, e criaturas mitolóxicas do mundo clásico... Percy Jackson sen dúbida é a túa saga!!! Tras descubrir en [El ladrón del rayo](#) que é fillo de Poseidón, Percy, un raparigo de instituto coma ti, ingresa no campamento mestizo, e comeza unha serie de aventuras que continuarán en [El mar de los monstruos](#) ; [La maldición del Titán](#) ; [La batalla del laberinto](#); [El último héroe del Olimpo](#). E se o que che interesan son as películas, [aquí](#) tés máis información

Autora : Laura Gallego

Título : Memorias de Idhún

Triloxía de fantasía que transcurre en Idhún, o mundo dos tres soles e as tres lúas, que tres mozos, Jack, Vitoria e Kirtash están predestinados a cambiar para sempre. Os libros que compoñen a saga son [Resistencia](#), [Tríada](#) y [Panteón](#)

A autora, [Premio Cervantes Chico 2011](#) e [Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2012](#), escribiu outras sagas de literatura fantástica: [Crónicas de la torre](#) e [Alas de fuego](#)



Autor : *George R.R. Martin*

Título : *Canción de hielo y fuego*

*No lendario mundo dos Sete Reinos, a terra do norte, Invernalía, está resgardada por un colosal muro de xeo que detén a forzas escuras e sobrenaturais. Neste escenario de estética medieval, Lord Stark e a súa familia tratarán de gañar o Trono de T;Ferro. A títulos da saga son: *Juego de tronos*; *Choque de reyes*; *Tormenta de espadas* ; *Festín de cuervos* y *Danza de dragones*.*

*A adaptación á televisión para a cadea HBO, adopta o título do primeiro volume da saga, *Juego de tronos*. Polo de agora rodáronse cinco tempadas completas que están a ter moito éxito tanto de público como de crítica.*

Autor : *Cornelia Funke*

Título : *Corazón de tinta*

*Dedo Polvoriento, Capricornio, Fenoglio... son algúns dos personaxes que acompañan a Meddie e ó seu pai, Mo, nesta triloxía que combina maxia, fantasía, aventuras, amor aos libros e suspense. A primeira entrega da saga, *Corazón de Tinta*, foi levada ó cine en 2008. Os outros volumes da saga son : *Sangre de tinta* e *Morte de tinta*.*

Título : *Artemis Fowl*

Autor : *Eoin Colfer*

*Artemis é un xenio criminal de doce anos cunha mente prodixiosa. Acompañado polo seu fiel mordomo é capaz de roubar a tecnoloxía do mundo máxico e poñer en xaque a todos os seus habitantes. Pero os seres máxicos non se deixan intimidar... A saga, irreverente e divertida, está poboada de humor, acción, maxia e estraños dispositivos de alta tecnoloxía. Está composta de 8 libros : *El mundo subterráneo*; *Encuentro en el Ártico*; *El cubo B* ; *La venganza de Opal* ; *La cuenta atrás* ; *Y su peor enemigo* ; *La hora de la verdad* ; *El último guardián**



Seis historias, seis futuros posibles dos que non é fácil escapar...

Autor : *Suzanne Collins*

Título : *Los juegos del hambre*

*Un pasado de guerras deixou os doce distritos que dividen Panem baixo o poder tiránico do Capitolio. Cada distrito vese obrigado a levar a dous representantes, mozos entre 12 e 18 anos, para participar nun espectáculo televisivo, **Los juegos del hambre** no que se enfrontarán a vida ou morte ata que quede un só sobrevivente. Os libros da saga son **Los juegos del hambre**, **En llamas**, **Sinsajo**, todos eles **levados ao cine** nestes últimos anos*

Autor : *Cassandra Clare*

Título : *Cazadores de sombras*

*En **Ciudad de hueso**, Clary Fray é testemuña dun asasinato na discoteca Pandemonium que ninguén máis parece ver. Aos poucos, Clary vai penetrando no mundo dos Cazadores de Sombras, antigos guerreiros que loitan contra os demos para protexer ao mundo. As aventuras da nosa protagonista continúan en **Ciudad de ceniza**, **Ciudad de cristal**, **Ciudad de los ángeles caídos**, **Ciudad de las almas perdidas**, **Ciudad de fuego celestial**. Todos estes conforman a primeira saga de **Cazadores de sombras : Los instrumentos mortales**, á que segue unha precuela, **Los orígenes**. Aquí podes ver un **trailer** da película. Se buscas información máis completa entra en **The Mortal Instruments News**.*

Autor : *Verónica Roth*

Título : *Divergente*

*Beatrice vive nunha sociedade futurista que esta organizada en cinco clans. Cada clan da devandita sociedade cultiva unha de cinco virtudes nos seus membros: o altruísmo, o valor, a honradez, a intelixencia e a tranquilidade. Ao cumprir os 16 anos, todos os mozos teñen que elixir o clan ao que pertencerán o resto da súa vida. Os títulos da serie son: **Divergente**, **Insurgente**, **Leal**, **Cuatro**. Ata o momento os dous primeiros foron **levados ao cine***



Autor : [Neal Shusterman](#)

Título : [Desconexión](#)

Relato arrepiante sobre un futuro hipotético no que os pais poderán desfacerse dos fillos adolescentes conflictivos ou non desexados, abocándoos a un proceso de desconexión que os mantería vivos para que os seus órganos sexan reutilizados por outras persoas. Podes seguir os comentarios da saga en [Facebook](#).

[Desconexión](#) forma parte dunha que continúa con [Reconexión](#) e [Inconexión](#)

Título : [El corredor del laberinto](#)

Autor : [James Dashner](#)

Cando Thomas chega ao Claro, outros raparigos que, como el, perderon a memoria, danlle unha non do todo cordial benvida. Non saben de onde veñen nin como chegaron. O único que saben con seguridade é que cada mañá, cando as portas do Labirinto ábrense, teñen que arriscalo todo en busca dunha saída. Todo é sempre igual. Todo segue unha orde. Ata que chega unha moza...

Os títulos de la saga son: [Las pruebas](#) ; [La cura mortal](#) ; [El destello](#). De momento, os dous primeiros títulos foron [levados ó cine](#)

Autor : [Pierce Brown](#)

Título : [Amanecer rojo](#)

Ideas como liberdade ou igualdade morreron xunto coa Terra. Agora, en Marte, o equilibrio susténtase nun férreo sistema de castes representadas por cores. Para acceder á elite dos gobernantes, os dourados deben gañarse o seu posto nunha contenda implacable. Pero Darrow non é un dourado. É un vermello, forxado nas entrañas do inferno... Unha aventura futurista de humanos que viven noutros planetas

Polo de agora publicáronse dous libros: [Amanecer rojo](#) e [Hijo dorado](#)



Tres sagas do pasado, cheas de intriga e aventura

Autor : *Jean Marie Auel*

Título : *Los hijos de la tierra*

*Se che interesa a prehistoria e queres saber como se vivía no noso pasado máis afastado, esta pode ser a túa saga. A protagonista é a indomable Ayla, adoptada con cinco anos polo Clan, un grupo de Neanderthales, protexida pola curandeira e o chamán, e expulsada da comunidade cando demostra ser diferente. Ao longo dos libros da saga (*El clan del oso cavernario, El valle de los caballos, Los cazadores de mamuts, Las llanuras del tránsito, Los refugios de piedra ; Las llanuras de las tierras pintadas*) Ayla vai crescendo e tratará de sobrevivir en solitario, ata que coñece a Jondalar...*

Autor : *Caroline Lawrence*

Título : *Misterios romanos*

*Gustaríache saber como vivían os mozos en Roma? Correr en carreiras de cuadrigas, ver espectáculos de gladiadores, ou saber algo máis da erupción do Vesubio? Gústanche os libros de aventura e intriga protagonizadas por persoas da túa idade? Misterios romanos pode ser a túa saga! Nas BMC podes atopar varios títulos desta serie. Estes son algúns deles: *Ladrones en el foro, El auriga de Delfos, Los gladiadores de Capua,**

Autor : *Arturo Pérez Reverte*

Título : *Las aventuras del Capitán Alatriste*

*E se prefires as aventuras ambientadas en épocas máis recentes, non deixes de ler *Las Aventuras del Capitán Alatriste . El capitán Alatriste; Limpieza de sangre ; El sol de Breda ; El oro del rey ; El caballero del jubón amarillo; Corsarios de Levante ; El puente de los Asesinos.* O protagonista da historia é un soldado veterano dos terzos de Flandes que malvive como espadachín a soldo no Madrid do século XVII. As súas aventuras mergúllannos nas intrigas da Corte dunha España corrupta e en decadencia, nas emboscadas en canellóns, no ambiente das tabernas e currais de comedias...*



Tres sagas apaixonantes para amantes da literatura romántica

Autor : *Anna Todd*

Título ; *After*

Tessa Young enfróntase ao seu primeiro ano na universidade. Afeita a unha vida estable e ordenada, o seu mundo cambia cando coñece a Hardin, o mozo malo por excelencia. Desde o primeiro momento ódianse. Pertencen a dous mundos distintos, pero pronto se farán máis que amigos e nada máis volverá ser igual.

Os libros que compoñen a saga son: [After](#), [En mil pedazos](#), [Almas perdidas](#) [Amor infinito](#).

Autor : *Blue Jeans*

Título : *El club de los incomprensidos*

Raúl, Valeria, Eli, María, Bruno, Esther. Seis mozos que senten, sofren, aman, cren, rin, evolucionan... como outros mozos da súa idade. Pero os seis son especiais. Polo menos para o resto do grupo. Coas súas historias riremos, choraremos, soñaremos e sobre todo sentiremos o amor como unha forza que pode con todo.

Os títulos que compoñen esta triloxía, que tanto éxito está a ter, son: [¡Buenos días, princesa!](#), [No sonrías, que me enamoro](#) y [¿Puedo soñar contigo?](#) [¡Te llegarán al corazón!!](#)

E non te perdas a [película baseada nesta triloxía!](#)

Autor : *Kerstin Gier*

Título : *El amor más allá del tiempo*

Gwen, unha moza londiniense de 16 anos, acaba de descubrir que é portadora dun misterioso xene que lle permite viaxar no tempo... Nun desas viaxes, atopa o verdadeiro amor. Unha saga xuvenil que combina a literatura romántica e a ciencia ficción, e que sen dúbida che atrapará. Os títulos da triloxía son [Rubí](#), [Zafiro](#) e [Esmeralda](#).

Os dos primeiros volumes foron levados ó cine en Alemania con el título de [Rubinrot](#), [Sahirblau](#)



Autores galegos

E por último tres sagas made in Galicia

Autor : Selene M. Pascual, Iria G. Parente

Título : Cuentos de la luna llena

*Raiñas malvadas, apostos príncipes, encantadoras princesas, trobadores... Con estes personaxes tradicionais Iria G. Parente (nada en Madrid, e galega de corazón) e Selene M. Pascual (Vigo) cóntannos unha historia moi diferente na que alianzas, traizóns e loitas de poder conducen a un futuro incerto. Unha novela adictiva cuxa segunda parte, *Encontros*, pronto chegará ás librerías.*

Podedes seguir ás autoras en [Facebook](#), o entrar na súa [páxina web](#) para obter máis información

Título : Ámote Leo

Autor : Rosa Aneiros

Nesta triloxía, nosa protagonista, Leo, viaxa a diferentes destinos. En todos eles atopará enigmáticas pintadas que lle levarán a resolverse diferentes interrogantes. En cada viaxe atoparase con novas cidades e novas amizades. E descubrirá que as cousas non sempre son como as soñamos: ás veces resultan moito mellores. E en cada viaxe atoparase con novas cidades, novas amizade. Os libros desta triloxía son: [Destino Xalundes](#), [Estación de tránsito](#), [Terminal de... chegadas](#)

Título : Apocalipse Zeta

Autor : Manel Loureiro

Unha historia de zombis, que conta o derrube dunha sociedade contada a través dos ollos do seu protagonista, un avogado, que se ve arrastrado a unha extraordinaria viaxe no que sufrirá unha serie de vivencias que o transforman por completo. Este thriller comezou como un blog na internet. Debido ao gran éxito que alcanzou, foi publicado polo Editorial Dolmen en España en 2007.

Os libros publicado ata agora son: [Apocalipses Z: el principio del fin](#); [Los días oscuros](#) ; [La ira de los justos](#)





<http://www.coruna.es/bibliotecas>

Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184384 / Fax :981184385 smb@coruna.es	
Biblioteca Municipal Ágora Rúa Ágora s/n 15010, A Coruña Teléfono 981189886 bagora@coruna.es	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil Rúa Durán Loriga 10-Bjº , 15030, A Coruña Teléfono 98184388 / fax 981184385 binfantil@coruna.es
Biblioteca Municipal Castrillón Praza de Pablo Iglesias s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 / fax 98118439 bcastrillon@coruna.es	Biblioteca Municipal Monte Alto Praza de los Abuelos s/n 15002, A Coruña Teléfono 981184382 bmontealto@coruna.es
Biblioteca Municipal de Estudos Locais Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184386 / Fax :981184385 bestudiosl@coruna.es	Biblioteca Os Rosales Praza Elíptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 brosales@coruna.es
Biblioteca Municipal Forum Metropolitano Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 bforum@coruna.es	Biblioteca Municipal Sagrada Familia Rúa Antonio Pereira 1-Bj. 15007 A Coruña Teléfono 981184392 / Fax 981184393 bsagrada@coruna.es

Síguenos en Twitter y Facebook

